



O texto, as ilustracións e a portada deste conto foi realizado polo 1º ciclo de educación primaria do CEIP Rosalía de Castro, durante o curso 2008/09.

Nel participaron:

David Fernández Pazos
Paula Rodríguez González
Noelia Cea Núñez
Aarón Díaz Lagoa
Ana Docasar López
Alejandro García Sánchez
Diego Gómez Rodríguez
Ania Loureiro Ramudo
Samuel Martínez Rodríguez
Cássia Pinto De Sousa
Juan Pontón Rodríguez

E como coordinadoras da actividade:

Eva Álvarez Fernández
Titora do 1º ciclo de Ed. Primaria

Mª del Camino Pereiro González
Mestra de Pedagogía Terapéutica

Limiar

Conto colectivo

Saber ler e escribir non deben ser só habilidades imprescindibles para a vida cotiá, serán tamén actividades ás que un non só se achegue por obriga, senón como unha maneira de satisfacer unha necesidade persoal de información, ou como unha forma de “voar” coa imaxinación.

Para que os máis pequenos vexan a lectura e a escritura como fonte inesgotable de riqueza, de praceres e de coñecemento fanse necesarias actividades que faciliten o contacto dos nenos/as co mundo do libro dun xeito non pasivo, como acostuma a ocorrer. Actividades que serven para eliminar calquera reticencia que poidan ter diante do complexo mecanismo da lectura, que eliminen a visión desta, só coma unha tarefa escolar e que ademais redundarán no potenciamento de tres aprendizaxes básicas: a expresión oral, a lectura e a escritura, sen esquecer outros tipos de expresión: plástica, corporal...

Aquí é onde entra a creación dun *conto colectivo*.

Como se pode ver, esta actividade resulta moi completa, e conta ademais cunha gran dimensión creativa e lúdica que debe servir para un mellor achegamento do neno/a ao libro, un achegamento onde o libro deixe de ser un mero instrumento de exercitación (estudo, análises, resumos, copias...) e pase a ser un compañeiro máis no camiño da vida.

Eva Álvarez Fernández
Titora de 1º ciclo de Ed. Primaria

Mª del Camino Pereiro González
Mestra de Pedagogía Terapéutica



Había unha vez unha castaña chamada Castañola que vivía coa súa familia no cimo dunha árbore. Segundo a súa nai era a castaña máis saborosa do mundo.

Un día a súa vida mudou cando unha tormenta a arrastrou ata un lugar onde non coñecía a ninguén.



Chegou ata un castiñeiro moi fermoso e alí atopou outras castañas coma ela. Primeiramente sentiuse feliz, pero co paso do tempo comezou a botar de menos á súa familia. Por iso, decidiu partir de alí e ir na súa procura.

Un día de choiva púxose a esvarar polo tronco até chegar ao chan... O seu pandeiro caeu xusto enriba da cuncha dun caracol! Que mal educado, nin sequera se preocupou de preguntarlle quen era!

Pero...Castañola continuou a andar e un pouco máis tarde atopouse cunha nena que varría follas no patio dun edificio moi grande e fermoso.

A nena ficou moi sorprendida, diante dela había unha castaña con boca, ollos, nariz.... non pode ser, isto é un soño! -pensou a nena.



Cerrou e abriu os ollos varias veces, mas a castaña continuaba fronte a ela.

- Quen es? - preguntoulle a nena.
- Eu son Castañola, a castaña máis saborosa. E ti?
- Eu son Linda, unha nena do colexio de Bóveda, ese que ves aí. Estou castigada e teño que varrer as follas. Como chegaches ata aquí?



Castañola contoulle a súa viaxe e pediulle que lle axudase a encontrar a súa familia. Linda non sabía como axudarlle pero ocorréuselle unha idea; levala onde os seus compañeiros, os nenos e nenas de 1º e 2º curso de primaria do fermoso colexio de concello de Bóveda.

Castañola montou na man de Linda, moi acurrucadiña para que ningunha mestra a vise. Cando a nena chegou á súa aula, todos os nenos lle preguntaron que traía entre as mans.

- Unha amiguiña moi fermosa, xa veredes....**
- Ja, ja, ja... que mentireira es, hache medrar o nariz coma Pinocho. Como estiveches castigada, agora quéresnos enganar con esa parvada, dixeron os seus compañeiros.**



Cando Linda abriu as mans quedaron abraiados, había unha castaña que tiña ollos, nariz, boca, mans e pernas, igualiña que as persoas!

Todos empezaron a facer preguntas para saber de onde saíra aquela castaña e Linda contoulles a súa historia. Entre todos decidiron axudala a atopar a súa casa, pero en secreto, para que ninguén o descubrise...



Durante o recreo foron á sala de ordenadores e teclearon "Casa das castañas". Saíron moitos castiñeiros grandes, medianos e pequenos.

- É imposible, non poderemos atopar a túa casiña. Pero ti tranquila, algo se nos ocorrerá para axudarche -dixeron todos xuntos.

- Xa sei, iremos ao bosque a buscar á súa familia- suxeriu un dos nenos.

- Pero non podemos saír do patio do colexio! -exclamou outro compañeiro.

- Eh nenos! Teño outra idea, plantaremos un castiñeiro no patio e esa será a nova casa de Castañola! Que vos parece?

- Xenial. -responderon todos.



Á tarde reuníronse na tenda "Ribeira" e compraron sementes. Ao día seguinte, todos á tarefa!. Fixeron un buraco no patio do colexio e plantaron alí as sementes.

Pero tiñan un problema, nese momento repararon que o castiñeiro tarda varios anos en medrar e durante ese tempo Castañola non tería casa.



- Xa sei o que podemos facer para que a nosa amiga Castañola teña un lar. Faremos un mural na aula onde aparezan castiñeiros, paxaros, cogomelos, animais... un mural que se pareza ao pobo de Castañola e onde poida ser feliz. -dixo unha das nenas.



Dito e feito, coa axuda da súa mestra elaboraron o mural máis fermoso do colexio. Pero o máis importante é que Castañola facía parte del. No medio das follas Castañola asomaba a súa cabeciña e aprendía moitas cousas novas. Cando se aburría e estaba cansa, botaba unha soneca e espertaba coma nova.



Co paso do tempo o castiñeiro medrou e converteuse nunha fermosa árbore, lista para ser a nova casa de Castañola. Ao pousarse na árbore a Castañola sentiu un formigueiro na súa barriga! Unhas estrelas comezaron a voar e segundo subían cara o ceo algo fantástico aconteceu... a súa familia apareceu, estaba con ela na árbore! Castañola era a castaña máis feliz do mundo... pero a súa ledicia non acabou alí...



A árbore converteuse na súa casa e cando tiña vontade de aprender e de estar cos seus amigos, pechaba os ollos e facía saír aquelas fermosas estrelas e por arte de maxia aparecía no mural da clase!

'E colorín colorado, este conto escapóusenos...' (Pero... pronto traeremos outro...)





Fin